

DECRETO NÚMERO 16010269 DO 26/12/2016

Ilmo. Sr. Don Miguel Fernández Méndez Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.

Instruído o expediente relativo a: CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO POLO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA MEDIANTE CONVENIO A FAVOR DA ENTIDADE “BOXING CLUB CIDADE DE LUGO”, PARA O ANO 2016. ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

I.- Informe proposta do departamento de Deportes, relativo á iniciación e adxudicación de subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da citada entidade para o ano 2016, por un importe de 10.000 €, incluíndose no mesmo o texto do convenio a asinar. A dito informe proposta deulle a súa conformidade o Xefe do do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a teor do artigo 65 do RD 887/2006 de 21 de xullo.

II.- Informe da Intervención Municipal, do día 21 de decembro de 2016, referencia 542/2016, relativo á fiscalización da presente fase do expediente.

III. Documento contable RC/73706/16

Por todo o anteriormente exposto, e de conformidade co establecido no Acordo número 4/455 da Xunta de Goberno Local do día 7 de xullo de 2015, relativo a delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no Orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade “BOXING CLUB CIDADE DE LUGO”, CIF G27322163, para o ano 2016, por importe de 10.000 euros.

SEGUNDO. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do mencionado departamento, o cal ten o seguinte teor literal:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E O BOXING CLUB CIDADE DE LUGO PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR PARCIALMENTE AS ACTIVIDADES PROPIAS DO CLUB DURANTE O ANO 2016.-

CONCELLERÍA DE DEPORTES.

MFM/mirc

Refª: DECRETO-CONCESIÓN BOXING 16

Asunto:

Na casa do Concello de Lugo a, de de 2016

REUNIDOS

Dunha banda Don Miguel Fernández Méndez, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Rural e Deportes.

E doutra banda, Don José Luis Alvarez Díaz con NIF.: 33819920F, na súa calidade de representante legal de BOXING CLUB CIDADE DE LUGO con CIF.: G27322163.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento xeral municipal.

II.- Que a entidade Boxing Club Cidade de Lugo presenta un proxecto relativo a "2 VELADAS DE BOXEO OLÍMPICO AMATEUR E 5 VELADAS INTERCLUBS" entre outros que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación parcial do proxecto "2 VELADAS DE BOXEO OLÍMPICO AMATEUR E 5 VELADAS INTERCLUBS" entre outros presentado pola entidade Boxing Club Cidade de Lugo, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación parcial do proxecto "2 VELADAS DE BOXEO OLÍMPICO AMATEUR E 5 VELADAS INTERCLUBS" entre outros, isto é

para os gastos ordinarios derivados do desenvolvemento deste proxecto, por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concello na “promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre” (art. 25.2.1 da Lei 7/1985 de 2 de abril).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 10.000 Euros para a financiación parcial das actividades obxecto deste convenio.

O Boxing Club Cidade de Lugo comprométese a:

- Levar a cabo o desenvolvemento das actividades recollidas no proxecto presentado.
- Colaborar có Concello ná promoción e divulgación do deporte base e ná organización de eventos deportivo.
- Lucir o logotipo do Concello de Lugo nás actuacións que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.
- Incorporar a lingua galega ás súas comunicacións de carácter escrito (páxinas Webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Promover o uso deo galego nás delcaracións que se efectúen aos medios de comunicación.
- Establecer o uso preferente do galego na rotulación e comunicación, nomeadamente o emprego do galego na megafonía dos distintos estadios, pavillóns e centros deportivos.
- Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito presupostario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo ahegará do orzamento municipal para o ano 2016 a cantidade de **DEZ MIL EUROS** con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización

Os derivados das actividades propostas polo beneficiario, dacordo cá documentación achegada, como poden ser: arbitaxes, licencias, desprazamentos, manutención, avituallamento, prensa, cartelería, publicidade, e calquer outro gasto relacionado có obxecto estrito dá subvención, dacordo có proxecto presentado.

En ningún caso serán subvencionables as dietas xenéricas que non estén directamente vinculadas coa actividade ou proxecto obxecto da subvención, o material deportivo inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios

CONCELLERÍA DE DEPORTES.

MFM/mirc

Refª: DECRETO-CONCESIÓN BOXING 16

Asunto:

que non esten directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado, os gastos derivados de fichaxes que non esten directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado (comisións a intermediarios) etc.

O prazo de realización será o ano 2016.

QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención.

Na execución do proxecto serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades tales como viaxes, comidas e outros gastos que se desenrolen o longo da tempada deportiva ná que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo (100%) da actividade subvencionada.

Non se asumen pagos anticipados podendo o beneficiario acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade.

Esta subvención é compatible con calquer outra que poida acadar o beneficiario, ata completar o custo da actividade.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

SEXTA.- Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán **no Rexistro Xeral do Concello** dirixido a Deportes a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa.

a) Memoria explicativa e detallada da realización da parte proporcional do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, si é o caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, fotos, etc que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada. No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención.

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do

Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberá xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada segundo modelo normalizado.

d) Declaración xurada de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devindicados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base imponible.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados **nas oficinas municipais de Deportes**, xestoras do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ó presente convenio. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas pola antedita oficina xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de xaneiro de 2017**. E deberá presentar, ademais da documentación anteriormente relacionada, unha declaración xurada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou extranxeiras, para a mesma finalidade segundo modelo normalizado. No caso de non presentala xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Os efectos de xustificación as asociacións ou entidades beneficiarias deberán xustificar o gasto correspondente ó importe da subvención concedida.

CONCELLERÍA DE DEPORTES.

MFM/mirc

Refª: DECRETO-CONCESIÓN BOXING 16

Asunto:

SETIMA.- Duración do convenio

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, os seus efectos económicos retrotráense ó 1 de xaneiro de 2016.

OITAVA.- Modificación do Convenio

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver.

NOVENA.- Comisión de seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

Esta comisión estará composta en representación do Concello de Lugo polo Concelleiro delegado da área interesada, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- . O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- . A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- . A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DECIMO PRIMEIRA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo con disposto no artigo 4 do Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das administracións públicas e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativas de aplicación, sometendose a aplicación dá Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e á Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

É todo canto procede informar, e en proba do aquí manifestado, os comparecentes asínano no lugar e data indicados e por triplicado exemplar.

POLO CONCELLO DE LUGO

POLO BOXING CLUB CIDADE
DE LUGO

TERCEIRO. Aprobar a autorización e disposición do gasto de 10.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48900 do vixente Orzamento municipal de 2016, a favor da entidade "BOXING CLUB CIDADE DE LUGO"

CUARTO. Notificar a presente resolución ás partes interesadas e ás dependencias municipais afectadas. Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Maila o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-lo recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Cúmprase.